

PADRÓN. PEDRÓN DE OURO 2009



[Mini e Mero](#) e Mariana Ploae-Hanganu fan unha ofrenda floral a Rosalía de Castro, diante do monolito que o concello de Padrón dedicou á poetisa na casa de A Matanza.



Bico da Balouta puxo a música de gaita coa Marcha do Antigo Reino de Galicia.



Foi o domingo 24 de maio, no mes das Letras. A fundación do Pedrón de Ouro, presidida por Manuel Caamaño Suárez, entregaba na Casa-Museo de Rosalía de Castro o [Pedrón de Ouro](#) a [Mini e a Mero](#), membros fundadores de [Fuxan os Ventos](#) e posteriormente de [A Quenlla](#). O seu labor como músicos, investigadores, divulgadores, profesores e dedicación á cultura galega e á defensa da lingua de nós foron méritos que se destacaron neles para a concesión deste merecidísimo galardón.



Eramos moitos os amigos e persoeiros de diversos ámbitos (a cultura, a literatura, a música, a política, o académico...) os que quixemos acompañalos e honralos como merecen.



David Otero, membro numerario da Fundación do Pedrón de Ouro, nunha apaixonada intervención exalta e reivindica a lingua galega perante os retrocesos que a ameazan e loa as traxectorias vitais dos homenaxeados Mini, Mero e Mariana Ploae-Hanganu.

Reserva un momento para a lembranza de Avelino Abuín de Tembra, que presidira a Fundación ata o seu recente pasamento.



Mariana Ploae-Hanganu, profesora da Universidade Romanesa de Bucarest, onde realizou un gran labor de estudo e difusión das linguas galega e portuguesa, recibiu o Pedrón de Honra. A imaxe recolle un instante da súa alocución.



Mero (Baldomero Iglesias Dobbarrio) pronunciou unhas emotivas e emocionadas verbas de agradecemento e reivindicou a cultura e a lingua galegas.



Mini (Xosé Luís Rivas Cruz), coa súa solemne e poderosa voz, teceu un marabilloso discurso do que quero salientar a súa confesión pública de eterna amizade con Mero, mesmo contra os que desexen destruíla.



Logo falaron a dúo, coa música, con versos de Manuel María e un romance popular.



Pechouse o acto co himno galego, cantado polos presentes e acompañado polo Gaiteiro Nubeiro (Raúl Galego) e por Manuel Varela (de A Quenlla e Bico da Balouta).



Rematado o acto, seguiron os saúdos e as apertas dos amigos.





A xornada continuaría ata pasada a media tarde cun ágape no hotel-restaurante Scala de Pazos (Padrón).



Na imaxe superior, Don Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao e presidente de Honra da Fundación Pedrón de Ouro, imponse a medalla da Fundación Castelao a Mariana Ploae-Hanganu.



A sobremesa estivo amenizada pola música e a palabra. Arriba canta Tino Baz co acompañamento ao acordeón de Manuel Varela.



Miro Casabella, relembra "O meu país". A min volvéronme as lembranzas da manifestación de Loño, da primeira vez que o vira.



Músicos singulares. Gaita: Raúl Galego, Bombo: Mini, Pandeireta: Mero, Tamboril: Avelino Pousa cos seus 95 anos (mágoa que o atril oculte o tamboril).

En días e lugares coma este é fácil reafirmarse no amor a esta Terra e á lingua na que se expresa.